



INFORME DE LEGALIDADE SOBRE O PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE REGULA A COMISIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE GALICIA

Esta Secretaría Xeral Técnica de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e o sector público autonómico de Galicia, e logo de examinar o *“Decreto polo que se regula a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia”*, emite o seguinte,

INFORME

1. Marco normativo e competencial

A Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de espectáculos públicos, consonte o establecido na Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma de Galicia, que mantén a reserva para o Estado das competencias relativas á seguridade pública e a facultade de ditar normas que regulen os espectáculos taurinos.

Para o pleno exercicio desta competencia, o Real decreto 1640/1996, do 5 de xullo, regula o traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia na dita materia, e mediante o Decreto 336/1996, do 13 de setembro, asumíronse as funcións e os servizos transferidos.

2. Necesidade e oportunidade

Con base na devandita atribución competencial, promulgouse a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia. O artigo 10 desta norma legal crea a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia, determina as súas funcións, dispón a súa adscrición á consellería competente en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas e remite ao posterior desenvolvemento regulamentario a súa composición, estrutura e funcionamento.

Esta comisión configúrase como órgano consultivo, de estudo, coordinación, seguimento e asesoramento das administracións autonómica e local nas materias reguladas na lei citada e



atribúeselle, como a primeira das súas funcións, a audiencia no procedemento de elaboración das disposicións de carácter xeral específicas que se teñan que ditar en desenvolvemento dela e na súa modificación.

Cómpre, xa que logo, darlle cumprimento ao anteriormente exposto no que atinxe ao desenvolvemento normativo da lei e, en consecuencia, debe ditarse para tal fin a norma regulamentaria que determine a composición, estrutura e funcionamento deste órgano consultivo, coa participación necesaria dos órganos da Administración autonómica con competencias na materia e da Federación Galega de Municipios e Provincias, así como coa dos diversos colectivos afectados, na procura de acadar o maior consenso posible de todos os sectores implicados.

3. Tramitación

Polo que respecta á instrución na elaboración do proxecto normativo, esta debe acomodarse ao procedemento legal e ás prescricións contidas nos artigos 40 a 44 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Así, a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, centro directivo impulsor remitiu ao Servizo Técnico Xurídico o borrador da disposición acompañado dos seguintes documentos:

- Unha memoria explicativa (artigo 41.2.a da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha memoria económica (artigo 41.2.b da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha táboa de vixencias (artigo 41.2.d da Lei 16/2010, do 17 de decembro)
- Unha memoria sobre a non necesidade da consulta pública previa (artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro).

Así mesmo consta o acordo previo de inicio do procedemento de elaboración da dita disposición asinado pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (art. 41.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro)

Unha vez recibida a documentación e logo do seu estudo, o Servizo Técnico-Xurídico da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, elaborou o preceptivo informe e obtivo a aprobación inicial

do anteproxecto como proxecto pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (artigos 41.2 c) e 41.3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Unha vez aprobada inicialmente a disposición como proxecto, esta publicouse na páxina web da Consellería, na relación dos procedementos de elaboración de disposicións administrativas de carácter xeral que estean en curso, indicando o seu obxecto e estado de tramitación, así como a posibilidade que teñen as persoas de remitir suxestións e a forma de facelo (artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e artigo 41.4 da Lei 16/2010, do 17 de decembro).

Posteriormente o Servizo Técnico-Xurídico solicitou os informes dos órganos e unidades administrativas que debían pronunciarse sobre o texto do proxecto.

Así mesmo o órgano tramitador, o Servizo Técnico Xurídico, someteu o proxecto á audiencia da Presidencia e do resto de Consellerías da Xunta de Galicia así como á Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), á Unión de consumidores de Galicia, á Confederación galega de asociacións veciñais, á Federación de Asociacións provinciais de empresarios de salas de festa, baile e discotecas de Galicia, á Asociación Galega de Orquestras, ás Asociación de empresarios de hostelería das 4 provincias galegas, á Asociación de cafeterías e pubs de Pontevedra, á Asociación de empresarios de verbena galega e á Asociación galega de empresas musicais.

Consta no expediente o informe da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior sobre as alegacións formuladas durante os trámites de audiencia e exposición pública, téndose presentado alegacións polas seguintes entidades: Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP), a Asociación Galega de Orquestras e a Federación de Asociacións provinciais de empresarios de salas de festa, baile e discotecas de Galicia. Dentro do ámbito do sector público autonómico presentaron alegacións a Amtega, a secretaría xeral técnica de Presidencia, a secretaría xeral técnica de Ordenación do territorio e a secretaría xeral técnica de Economía, Emprego e Industria.

Resultou preciso solicitar informe económico-financeiro da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos e un informe sobre as cuestións de legalidade e técnica normativa da Asesoría Xurídica.

Ao tratarse dunha disposición administrativa de carácter xeral que puidera ter repercusións en cuestións de xénero ao abeiro do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e do artigo 42.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, resultou preciso requirir informe sobre o seu impacto de xénero.



Solicitouse informe á Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa que, a tenor do previsto no artigo 42.7 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, dado que non se trata dun proxecto que afecte á estrutura orgánica, nin aos métodos de traballo, procedementos administrativos e burocráticos nin ao réxime de persoal, indicou que non era preceptivo o seu informe.

O 26 de marzo de 2018 a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu o seu informe suxerindo a inclusión dunha disposición adicional no proxecto de Decreto e un axuste na memoria económica do mesmo. Feitas as modificacións suxeridas, a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos emitiu informe favorable o 19 de abril de 2018.

O 11 de abril de 2018 a Secretaría Xeral de Igualdade emitiu o preceptivo informe sobre o proxecto de decreto.

Finalmente, o 15 de xuño de 2018 a Asesoría Xurídica emitiu o correspondente informe no que realiza unha serie de observacións, tanto de técnica normativa como respecto ao contido do articulado.

Dende a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e co fin de adecuarse ao informe da Asesoría Xurídica, remítese a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa da adaptación do texto do proxecto de decreto ao informe da Asesoría Xurídica.
- Táboa de vixencias asinada
- Texto do proxecto de decreto adaptado ao informe da Asesoría Xurídica.

4. Legalidade

En cumprimento do disposto no artigo 12 da Lei 3/2014, do 24 de abril, do Consello Consultivo de Galicia e de conformidade co artigo 43.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, o proxecto someterase a ditame do Consello Consultivo de Galicia previo á súa aprobación definitiva pola persoa titular da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Seguidamente, o proxecto someterase á Comisión de Secretarios Xerais previa á súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia, de conformidade co dito artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.



De acordo co indicado, e logo da proposta elevada pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico, considérase que este proxecto de decreto reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade polo que se informa favorablemente o mesmo.

Santiago de Compostela, 19 de xuño de 2018

A secretaria xeral técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza